

ACTA DO XURADO DA I EDICIÓN DO CONCURSO ESCOLAR “CANTA ROSALÍA!”
CO FORMATO DE POEMAS MUSICADOS

Reunido o xurado seleccionador da I edición do Concurso “Canta Rosalía!” dirixido ao alumnado dos centros educativos da provincia de Pontevedra, no Pazo provincial da Deputación de Pontevedra, o día 27 de marzo de 2025 ás 09:30 h, composto por: **presidenta:** Begoña Fernández Lorenzo, técnica de Xestión Cultural do Servizo de Cultura; como **vogais:** Begoña Estévez Bernárdez, xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico; Alejandra Castro Sá, técnica de Audiovisuais do Servizo de Comunicación Institucional; María González García, técnica en Tradución de Servizos Lingüísticos; e como **secretaria:** Ana Pérez Peleteiro, administrativa do Servizo de Cultura.

Esta reunión ten por obxecto seleccionar os vídeos cos poemas musicados para adxudicar os premios especiais de cada categoría, **Campaniñas** (de 1º a 3º de primaria), **Airiños** (de 4º a 6º de primaria), **Fontiñas** (ESO) e **Paxariños** (educación especial).

Antes de proceder á selección de propostas premiadas, faise constar que se recibiron un total de 10 vídeos na categoría de “Campaniñas”, 13 na categoría “Airiños” e 1 na categoría de “Fontiñas” decidindo o xurado por unanimidade que, dada a calidade das propostas presentadas e que algún dos premios quedou deserto (concretamente, nas categorías “Fontiñas” e “Paxariños”), podería darse a posibilidade de outorgar premios compartidos se así o consideraban merecido.

A continuación, despois dun estudo e deliberación das propostas recibidas, o xurado acordou seleccionar e premiar as seguintes:

CATEGORÍA CAMPANIÑAS

COLEXIO	CURSO / GRUPO	RECOÑECIMENTO
CEIP RIOMAIOR, VILABOA	2º EP	1º premio
CEIP PLURILINGÜE DE CHANCELAS, POIO	1º EP	2º premio
CEIP PAZOS DE REIS, TUI	1º, 2º E 3º EP	2º premio
CEIP PLURILINGÜE DE TENORIO, CERDEDO-COTOBADA	2º EP	3º premio



CATEGORÍA AIRIÑOS

COLEXIO	CURSO / GRUPO	RECOÑECIMIENTO
CEIP A SANGRIÑA, A GUARDA	4º EP	1º premio
CEIP PETELOS, MOS	4º EP	1º premio
CEIP PLURILINGÜE DE CHANCELAS, POIO	5º EP	2º premio
CEIP PLURILINGÜE MANUEL SIEIRO, CRECENTE	4º, 5º E 6º EP	3º premio

CATEGORÍA FONTIÑAS

COLEXIO	CURSO / GRUPO	RECOÑECIMIENTO
IES MONTE CARRASCO, CANGAS	1º, 2º E 3º DE ESO	1º premio

Sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión ás 11:15 horas do día indicado, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

